

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN, por CONCURSO OPOSICIÓN LIBRE E TRÁMITE DE URXENCIA, PARA COBERTURA TEMPORAL, por periodo máximo dun ano natural de contratación en réxime laboral temporal, ao abeiro da subvención do Plan Concertado, DUNHA PRAZA DO POSTO DE TRABALLADOR/A SOCIAL DO CONCELLO DE ARTEIXO.

PRIMEIRA.- Obxecto das presentes Bases

É obxecto das presentes Bases a aprobación da Convocatoria e regulación das Bases do proceso selectivo para a cobertura temporal, por período máximo dun ano natural de contratación en réxime laboral temporal) ao abeiro do Plan Concertado, dunha praza do posto de TRABALLADOR/A SOCIAL, a través de procedemento de CONCURSO - OPOSICIÓN LIBRE. A tramitación de urxencia queda motivada pola subvención concedida pola Xunta de Galicia ao abeiro do Plan concertado de servizos sociais, sendo nesta anualidade 2019 unha prórroga da subvención concedida no pasado 2018, para un/ha novo/a traballador/a social para o equipo multidisciplinar de servizos sociais do Concello de Arteixo.

SEGUNDA: REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias-solicitudes:

- a. Ser español/a ou nacional doutro Estado membro da Comunidade Europea nos termos previstos nos art. 57 e 58, e disposición derogatoria única da Lei 7/2007 pola que se derroga a Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre acceso a determinados sectores da Función pública dos nacionais dos demais membros da Comunidade Europea. Poderán participar nos procesos selectivos nacionais doutros Estados da Unión europea e/ou estranxeiros residentes en España, sen necesidade de que se inclúa expresamente nas Bases específicas de cada convocatoria, de acordo coa Lei Orgánica 4/2000 de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.
- b. Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa (modificación introducida polo art. 56.1.c) da lei 7/2007 .
- c. Estar en posesión do título de Grao universitario en Traballo Social, Diplomado en traballo social ou titulación universitaria de grao equivalente, sempre que acrediten a capacitación propia das funcións do posto convocado (segundo Catálogo de postos de traballo en vixencia)
- d. Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dita praza. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da Instancia adxunta as presentes Bases). As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar asemade na instancia, sinalando si precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.
- e. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da Instancia adxunta as presentes Bases).

TERCEIRA: INSTANCIAS.

- a. As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse á Sr. Alcalde-Presidente do Concello, presentándose preferentemente **no REXISTRO XERAL** do mesmo (dada a urxencia na cobertura deste posto, os aspirantes que presentaren a Instancia en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/92 de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das

Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, deberán remitir por Fax copia da Instancia sellada ao número 981- 602417 dentro do prazo sinalado) **no prazo de 10 días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación de anuncio de no BOP de A Coruña, sendo tamén publicadas as bases no taboleiro de edictos da Corporación, así como complementariamente na web municipal .

- b. A instancia irá inescusablemente acompañada da seguinte **DOCUMENTACIÓN**:
- Fotocopia do DNI (no seu defecto, resguardo do DNI, pasaporte ou carné de conducir).
 - Fotocopia da titulación requirida para o acceso ao posto.
 - Currículo autobareado xunto con Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados (académicos e profesionais) segundo o Baremo de méritos recollido nas presentes Bases.
 - Declaración xurada específica dos requisitos contemplados na Base 2º d) e) ou, no seu caso, declaración contida no Modelo de Instancia adxunto as presentes Bases.
 - Carta de pagamento de ter aboado os dereitos de exame nos servizos económicos municipais (Tesourería) ou certificado do Servizo público de emprego (INEM) polo que se acredite a exención do pagamento de taxas por situación de desempregado de longa duración (de conformidade ao establecido na ordenanza fiscal nº 11). Ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá substitución do trámite de presentación de instancia. Asemade a ausencia de xustificante do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación , determinando a exclusión do/a aspirante.

Quedarán exentos do pagamento das taxas de dereito de exame, aqueles aspirantes que acrediten discapacidade e/ou situación de desemprego de longa duración (a tal efecto deberá aportarse xunto coa instancia o certificado de minusvalía superior ao 33% ou certificado do INEM de estar en situación de desemprego durante 1 ano ou mais tempo) segundo a Ordenanza fiscal nº 11 do Concello de Arteixo.

- c. Os dereitos de exame establécense en **30'20 €**, e só serán devoltos a quen non fora admitido/a ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos no epígrafe 2º das presentes bases, isto é unicamente a aqueles aspirantes que resulten excluídos na Listaxe definitiva.
- d. Expirado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía-Presidencia ditará Resolución a maior brevidade posible, dado o trámite de urxencia desta convocatoria, polo que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos con indicación, se é o caso, dos motivos de exclusión e do prazo para a corrección da documentación. No caso de non existir aspirantes excluídos, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución, dando inicio ao proceso selectivo.

CARTA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES E NORMAS XERAIS DE DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS.

4.1.- Publicarase no taboleiro de Edictos da Casa do Concello Decreto de aprobación da relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as , así como os motivos de exclusión e prazo de emenda. No mesmo medio, taboleiro de edictos, publicarase a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, a composición nominativa do Tribunal cualificador cos titulares e suplentes, composto en base ao principio de idoneidade e especialidade e segundo o establecido na Lei 7/2007 e Lei de igualdade do Home e da muller. Asemade, na mesma resolución determinarase o lugar, día e hora de constitución do Tribunal e comezo do proceso selectivo. A publicación dos sucesivos anuncios para a celebración das probas restantes toda vez iniciado o proceso selectivo, así coma a listaxe dos

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixox.org/es/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

aspirantes aprobados en cada exercicio (ben de xeito nominativo ou ben con códigos de identificación no suposto de exercicios anónimos), efectuarase no taboleiro de Edictos da Casa do Concello (e sempre que sexa posible, con carácter non preceptivo e complementario, na web municipal).

4.2.- Coa finalidade de facilitar o acceso á información dos aspirantes e, sempre con carácter complementario, tanto as Convocatorias e Bases, como os anuncios de cualificacións, chamamento a exercicios, etc. serán publicadas na web municipal, toda vez sexa realizada a publicación no taboleiro de Edictos. Asemade, tamén poderán aparecer na web municipal e no taboleiro as cualificacións numéricas ben co código de anonimato das persoas aspirantes presentados, ou ben co DNI parcial dos aspirantes que acaden a consideración de Apto, así como o nome e apelidos dos aspirantes que resulten non aptos e os non presentados. Tales publicacións na web. municipal non terán validez a efectos de cómputo de prazos e, asemade, a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando tomar parte no proceso, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na Convocatoria. Os restantes usos dos datos persoais contidos nas solicitudes, así como todo o desenvolvemento dos procesos selectivos, será de carácter interno e uso restrinxido, segundo o estipulado na lei de protección de datos.

4.3.- O Tribunal poderá requirir aos aspirantes, en calquera momento da práctica de calquera exercicio ou proba, co obxecto de que acrediten a súa identidade, para o que deberán estar provistos do DNI ou documentación identificativa análoga (carné de conducir ou pasaporte). Pese a que na realización das probas, se velará polo anonimato dos aspirantes, sempre que o Tribunal así o estime pertinente pola lóxica do desenvolvemento do proceso selectivo, os aspirantes serán chamados, en chamamento único, polo Secretario/o actuante do Tribunal debendo identificarse nese momento unicamente ante este membro do Tribunal, coa mesma acreditación identificativa que a mencionada enriba.

4.4.- Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, excluírase da mesma previa audiencia do interesado, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

QUINTA: TRIBUNAL DE SELECCIÓN

5.1. . O Tribunal de selección estará composta polos seguintes membros:

- Presidente (titular e suplente) : funcionario/a de carreira preferentemente dos grupos A1/A2 da Admón Local
- Secretario (titular e suplente), quen actuará con voz e voto : o/a funcionario/a que ocupe o posto de Secretario Xeral do Concello de Arteixo (titular) e/ou funcionario/a en que delegue (suplente)
- Vogais (3 titulares e 3 suplentes persoal funcionario ou laboral fixo indistintamente, preferentemente de ámbito competencial relacionado co posto convocado.

5.2. A composición nominativa do Tribunal (titulares e suplentes) determinarase na mesma resolución pola que se aprobe a listaxe de aspirantes admitidos/as determinando data de constitución do Tribunal e de inicio da selección, respectando o principio de paridade e idoneidade técnica dos seus membros.

5.3. Os membros do Tribunal terán que absterse de intervir, notificando esta circunstancia ao Alcalde ou Concelleiro delegado, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público ou se encargaran das tarefas de

preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as circunstancias de abstención reguladas nesta bases.

5.4. O Tribunal non poderá constituírse sen a presenza, polo menos, do/a presidente, o/a secretario e un/ha vogal. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente.

5.5. Todos os membros do Tribunal de selección terán voz e voto. O Tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan presentarse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e a normativa aplicable. O procedemento de actuación do Tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEXTA: PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E EXERCICIOS.

O procedemento de selección, por concurso oposición realizarase do seguinte xeito:

A fase de oposición celebrarase con carácter previo á fase de concurso, de xeito que unicamente os/as aspirantes aptos na oposición pasarán ao baremo de méritos (fase de concurso) . A fase de oposición suporá o 60% do proceso selectivo, e a de concurso o 40% restante.

Fase de oposición: de 0 15 puntos (60%)

OPOSICIÓN . Consistirá nos seguintes exercicios: 1º exame teórico (obligatorio e non eliminatorio), 2º suposto práctico (obligatorio e eliminatorio), 3º exame lingua galega, obligatorio e eliminatorio salvo acreditación da correspondente convalidación.

Dado o trámite de urxencia do presente proceso, o prazo entre os exercizos da fase de oposición será de 24 horas, agás naqueles casos que o Tribunal, co consenso de todos os aspirantes, considere conveniente a realización de varios exercicios nunha mesma xornada, concedendo aos aspirantes un descanso mínimo de 30 minutos.

1º EXERCICIO: exame teórico, carácter obligatorio e non eliminatorio. Puntuación máxima **5 puntos**.

Consistirá nun exame tipo test de 25 preguntas con respostas alternativas, das que unicamente unha é correcta, sendo que cada resposta correcta puntuará 0´20, cada resposta errada descontará 0´10 e as respostas en branco, non descontarán. As preguntas estarán relacionadas co temario anexo (temario xeral e temario específico) desta convocatoria e bases reguladoras e o tempo de realización do exame será de 45 minutos.

2º EXERCICIO. SUPOSTO PRÁCTICO: carácter eliminatorio. Puntuación máxima **10 puntos**, puntuación necesaria para o superar 5 puntos .

Consistirá na realización dunha proba de capacitación técnica relacionada coas funcións e nivel de dificultade propias do posto convocado, na que os aspirantes desenvolverán por escrito 4 preguntas curtas relacionadas cun suposto práctico preparado polo Tribunal e relacionado especialmente co temario específico recollido no Anexo. A duración do exercicio non superará 60 minutos.

O desenvolvemento das respostas das 4 preguntas que conforman o exercicio puntuará de 0 a 2'5 puntos cada unha, sendo que as respostas incorrectas ou en branco non descontarán. Serán criterios de cualificación deste exercicio os seguintes (en cada pregunta, de 0 a 2'5 puntos máximo):

1. Acerto e corrección na resposta: 0-1'5 punto
2. Motivación teórico práctica de nivel técnico da resposta : 0- 0'5 puntos
3. Claridade expositiva, capacidade de síntese e pragmatismo: 0-0'5 puntos

Finalizado o tempo concedido o Tribunal poderá solicitar a lectura do exercicio aos aspirantes, que deberán limitarse á exposición escrita realizada, quedando o Tribunal capacitado para realizar canta pregunta considere oportuna en relación ao exercicio desenvolto.

A cualificación deste exercicio será a suma das puntuacións outorgadas en cada unha das 4 respostas realizadas polos aspirantes, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para o superar, dado o seu carácter eliminatorio.

3º EXERCICIO: PROBA DE LINGUA GALEGA: carácter eliminatorio e obrigatorio. Cualificación Apto/ Non apto

Dacordo co art. 6.3º da lei de Normalización lingüística quedarán exentos deste exercicio , os aspirantes que, no momento da realización, acrediten estar en posesión do certificado correspondente debidamente homologado pola Xunta de Galicia (Lei 2/2009 de 23 de xuño que modifica a Lei da Función pública de Galicia) debendo acreditarse a superación do Curso de perfeccionamento en lingua galega, CELGA IV ou nivel equivalente.

A proba consistirá nunha tradución escrita dun texto facilitado polo Tribunal en lingua castelá, á lingua galega. Non se permitirá preparación previa nin apoio documental ou bibliográfico, a duración máxima deste exercicio será de 30 minutos

Fase de concurso: de 0 a 10 puntos (40%)

Os/as aspirantes Aptos na fase de oposición pasarán á fase de concurso, coa seguinte baremación de méritos

A) Experiencia laboral (ate un máximo de 6 puntos):

a) Por cada mes completo de servizos prestados en postos de traballador/a social ou para os que se esixa expresamente dita titulación, na Admón. pública: 0,20 puntos por mes de servizos completo, ata un máximo de 4 puntos.

b) Por cada mes completo de servizos prestados en postos de traballador/a social ou para os que se esixa expresamente dita titulación na empresa privada, ONGS ou entidades sen ánimo de lucro: 0,10 puntos por mes de servizos completo, ata un máximo de 2 puntos.

Para efectos da valoración da experiencia profesional, as xornadas parciais valoraranse proporcionalmente, sendo que as anteditas puntuacións refírense á xornadas completas.

Estes méritos acreditaranse mediante as correspondentes certificacións das Administracións Públicas nas que se prestaron os servizos ou, no caso de prestación de servizos na empresa privada, con contratos de traballo ou certificados de empresa acompañados do informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

B) Formación (ate un máximo de 3 puntos)

Pola realización de cursos de formación ou perfeccionamento, seminarios ou xornadas en materia de

Servizos Sociais impartidos ou financiados polas Administracións públicas ou por organismos dependentes delas, por Universidades, Colexios Profesionais sindicatos ou por centros homologados para formación, por cada 20 horas lectivas acumuladas valorarase 0'10 puntos ate un máximo de 3 puntos.

Os Diplomas, certificados ou documentos que acrediten a realización de cursos deberán expresar a duración en horas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico. Se non se indican as horas de duración (ou conversión de créditos en horas) a puntuación que se outorgará será a mínima de 0,05 puntos por curso, seminario ou xornadas.

C) Superación de exercicios en procesos selectivos(1 punto)

Pola superación de exercicios en procesos selectivos para o acceso a postos de traballador/a social ou asimilados do mesmo grupo profesional tanto como funcionario como persoal laboral, sempre e cando se teñan celebrado nos catro anos anteriores desta convocatoria (data de expiración do prazo de presentación de instancias):

- 0,05 puntos por exercicio superado. Neste caso a puntuación máxima que se pode obter será de 1 punto

Para a xustificación deste mérito precisarase a certificación da Administración Pública onde se superaron, non sendo válido ningún outro tipo de documentación (impresión de páxinas web ou similares).

Unha vez realizada a valoración de méritos, o seu resultado expoñerase nos taboleiros de anuncios municipais e, complementariamente na web municipal.

SÉTIMA: RELACION DE APROBADOS E DOCUMENTACION.

7.1.- A cualificación total de cada aspirante será a suma das puntuacións acadadas na fase de oposición, maila puntuación que acaden na fase de concurso. Con estas puntuacións totais, elaborarase unha listaxe de aspirantes por orde de prelación que será exposta, ao igual que os restantes anuncios no taboleiro de edictos e, complementariamente na web municipal.

7.2.- O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superan o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao número de praza/s convocada/s, polo que o/a primeiro/a aspirante na listaxe ordenada por puntuacións, será proposto para a contratación laboral temporal ao abeiro da subvención concedida polo Plan Concertado de servizos sociais do Concello de Arteixo.

7.3 - De non superar as probas establecidas ningún aspirante, o Tribunal poderá declarar deserta a praza convocada. Así mesmo, o Tribunal determinará unha listaxe, bolsa de emprego, dos restantes aspirantes coa finalidade de cubrir rexeitamentos, baixas médicas, renuncias e outras vacantes temporais de natureza similar á do posto convocado. Tanto a proposta de contratación a favor do primeiro/a aspirante como a proposta de listaxe de reserva/ bolsa de substitucións, serán expostas no taboleiro de edictos e complementariamente na web municipal, elevándose á Alcaldía-Presidencia para a súa aprobación a través de Resolución.

7.4.- Dado o trámite de urxencia do presente proceso selectivo, o/a aspirante proposto/a deberá presentar dentro do prazo máximo de 10 días naturais (a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixo pública a listaxe final de puntuacións coa propostas de nomeamento/contratación), os documentos acreditativos de reunir todos e cada un dos requisitos que segundo a base segunda desta convocatoria se esixen para tomar parte na selección, así como toda a documentación requirida polo Dpto. de Persoal co fin de efectuar a contratación. Estarán exentos, se tivesen relación anterior con esta Administración local, da xustificación documental, aqueles que o tivesen demostrado para obter o seu anterior nomeamento/contrato.

OITAVA: NORMA FINAL.

Esta convocatoria e Bases reguladoras e cantos actos administrativos deriven dela, así coma as actuacións do Tribunal en interpretación e cumprimento do seu contido, poderán ser impugnadas polos/as interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común e Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

Para o non previsto nas presentes bases reguladoras será de aplicación o establecido no RDL 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o Texto Refundido do EBEP, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, RD 364/1995, de 10 de marzo, RD 896/1991 e demais normas concordantes de conformidade ao marco legal e normativo en vixencia.

Programa ANEXO á Convocatoria (temario xeral e específico)

TEMARIO XERAL:

- 1.- A Constitución Española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns.
- 2.- A organización territorial do Estado. As comunidades autónomas, sistema de distribución competencial.
- 3.- O Estatuto de Autonomía de Galiza.
- 4.- O acto administrativo: Concepto, clases e elementos.
- 5.- A eficacia dos actos administrativos. Executividade. Notificación dos actos.
- 6.- Os recursos administrativos: principios xerais.
- 7.- Clases de recursos: tramitación, prazos e efectos do silencio.
- 7- Procedemento administrativo (I): Principios xerais de procedemento administrativo. Os interesados no procedemento administrativo.
- 8.- Procedemento administrativo (II) Termos e prazos. Iniciación, ordenación e instrución.. O silencio administrativo.
9. O réxime local. Evolución. A Carta Europea da autonomía local. A autonomía local: significado, contido e límites.
- 10.- O Concello. Competencias e servizos municipais segundo a Lei 7/1985 de 2 de abril , Lei de Bases Reguladora das Bases de Réxime Local . A reforma de competencias introducida pola Lei 27/2013 .
- 11- A potestade Regulamentaria das Entidades Locais: principios xerais
- 12.- Facendas Locais: Procedemento de aprobación e modificación do Orzamento municipal.
- 13.- RDLex 5/2015 do texto refundido da Lei 7/2007 de 13 abril, do texto refundido do Estatuto do empregado público. Tipoloxía e organización do persoal público..
- 14.- Dereitos e deberes do persoal público. Réxime de incompatibilidades
- 15.- Prevención de riscos laborais: marco legal e desenvolvemento normativo da prevención de riscos.

TEMARIO ESPECÍFICO

1. A acción social. Concepto e etapas históricas. Política Social. Estado de benestar.
2. Os servizos sociais e a política social na Unión Europea.
3. Os servizos sociais na actualidade. Marco legal: Constitución Española.
4. Os servizos sociais no ámbito local: Competencias das entidades Locais en materia de servizos sociais segundo a Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.
5. Marco competencial autonómico dos servizos sociais: Lei de servizos sociais de Galicia.
6. Convenio programa para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais nas corporacións locais. Principios xerais do Plan Concertado.
7. Plan Concertado I. Fundamentos e obxectivos do programa de información e orientación social.
8. Plan Concertado II. O programa de apoio á unidade de convivencia: A prestación de axuda no Fogar. A ordenanza municipal do Servicio de Axuda no Fogar de Arteixo. A teleasistencia.
9. Plan Concertado III. O programa de apoio á unidade de convivencia. A intervención socio-familiar.
10. A abordaxe das situacións de emerxencia desde a atención primaria. Axudas específicas: Definición e requisitos
11. O sistema español de seguridade social: Pensións contributivas. Pensións non contributivas.
12. Axudas de inclusión social reguladas na lei galega de inclusión social, Lei 10/2013 de 27 de novembro.
13. Decreto 14/2019, do 31 de enero, de desenvolvemento da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia: Criterios e procedemento de valoración da situación de exclusión social e/ou de risco de exclusión social
14. Prestacións económicas da RISGA. Os proxectos de inserción e os diferentes tramos.
15. Tramitación común y tramitación prioritaria ou abreviada da renda de inclusión
16. Modificación, suspensión e extinción da RISGA
17. O traballo social como disciplina. Perfil profesional do/a traballador/a social. Funcións e competencias.
18. Metodoloxía do Traballo Social. Niveis de actuación.
19. Técnicas aplicadas ó método no Traballo Social. Instrumentos do Traballo Social.
20. O traballador social como membro dun equipo interdisciplinar. Deontoloxía do Traballo Social e ética profesional.
21. Metodoloxía do traballo social. Concepto e bases.
22. Técnicas e instrumentos empregados no traballo social.
23. A planificación no Traballo Social. Elaboración de programas e proxectos sociais.
24. Niveis de intervención no traballo social.
25. Prestación básica de información e orientación.
26. Traballo social comunitario. Metodoloxía da intervención.
27. A entrevista como técnica de traballo social. Bases conceptuais. Diferentes tipos de entrevista.
28. O informe social.
29. A Lei de Dependencia da Comunidade autónoma de Galicia: Fundamentos, recursos, tramitación, avaliación e seguimento
30. Deseño, implementación e planificación dos programas propios de desenvolvemento da Lei de dependencia da nosa Comunidade autónoma
31. O servizo de axuda a domicilio no ámbito local.
32. Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.
33. Actuacións en situacións de desprotección social do menor e medidas de protección.
34. A historia social única electrónica (HSUE).
35. Recursos de formación e de derivación aos servizos de colocación de cara á inserción laboral.

36. Colectivos específicos : Os menores: O papel dos Servizos Sociais de atención primaria. Recursos e programas coa infancia e a adolescencia
37. Colectivos específicos: As unidades de convivencia desestructuradas. A inadaptación social. Os malos tratos.
38. Colectivos específicos: O papel do Traballador Social na atención á muller no ámbito municipal.
39. Colectivos específicos: A realidade da muller no ámbito da violencia doméstica. Recursos e programas. A violencia de xénero.
40. Colectivos específicos: A situación das minorías étnicas. Características, necesidades e recursos.
41. Necesidades e recursos para a atención a persoas con discapacidade.
42. Colectivos específicos: As persoas maiores: Aspectos sociais do envellecemento. Necesidades sociais. Recursos. Servizos de apoio.
43. Colectivos específicos: O Programa para persoas maiores do rural..
44. A intervención do traballador social na coordinación de recursos e servizos para a atención as persoas maiores. Niveis de intervención.
45. A cooperación ao desenvolvemento. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Programas.

MODELO DE INSTANCIA

Don/Dona con DNI.:
con enderezo.....
e teléfono de contactomail.....

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da Convocatoria e Bases reguladoras do proceso selectivo de

TRABALLADOR/A SOCIAL AO ABEIRO DO PLAN CONCERTADO

e declarando explicitamente coñecer e aceptar as Bases reguladoras da Convocatoria, cumprindo os requisitos de acceso da Base 2ª (Base 2.e: Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dita praza. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar así mesmo na instancia, sinalando si precisan adaptacións para realización das probas; e Base 2.f: Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme).

Aportase a tal efecto a seguinte documentación: (marcar cunha X)

- DNI, copia cotexada
- Titulación de acceso (copia cotexada)
- Currículo autobareado con fotocopia dos méritos académicos e profesionais
- Taxas dereito exame (ou documentación acreditativa de estar eximido do pagamento)
- Acreditación CELGA IV ou equivalente (para exención da realización do exame de lingua galega)
- No suposto de Discapacidade : descrición das adaptacións e/ou apoios necesarios para realización dos exercicios.

SOLICITA: sexa admitida esta Instancia para participar no proceso selectivo referido.

Data, DNI e sinatura d/a aspirante:

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.- De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMÓN DOPICO Nº 1-15142 ARTEIXO (A CORUÑA). Os seus datos serán utilizados para o trámite estritamente necesarios relacionados coa súa solicitude O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas derivadas da súa solicitude e, os mesmos poderán ser publicados nas listaxes resolutivas de admitidos, no Boletín Oficial correspondente, taboleiro de edictos municipal e páxina web. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. O CONCELLO DE ARTEIXO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade na dirección PRAZA ALCALDE RAMON DOPICO, Nº 1-15142, ARTEIXO (A CORUÑA), aportando copia do seu DNI.

Á ATENCIÓN DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixeiro.org/es/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)